



## **ORDENANZA FISCAL NÚM. 3**

### **REGULADORA DA TAXA POR LICENCIAS URBANÍSTICAS.**

#### **Artigo 1º.- Fundamento e natureza**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa por licencias urbanísticas, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, contendo as normas que atenden ó previsto no artigo 58 da citada Lei 39/1988.

#### **Artigo 2ª. Feito imponible**

1.- Constitúe o feito imponible da taxa a actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar se os actos de edificación e uso do solo a que se refire o artigo 178 da Lei sobre Réxime do Solo e Ordeación Urbana, Texto Refundido aprobado por Real Decreto 1346/1976, de 9 de abril, e que se realicen no término municipal, se axusten ás normas urbanísticas, de edificación e policía previstas na citada Lei do Solo, así como na Lei de adaptación do Solo a Galicia e Normas Subsidiarias de Planeamento de este Concello.

2.- Non estarán suxetas a esta taxa as obras de mero ornato, conservación e reparación que se realicen no interior das vivendas.

#### **Artigo 3º. Suxeito pasivo**

1.- Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria que sexan propietarios dos inmobles nos que se realicen as construcións ou instalacións ou se executen as obras.

2.- En todo caso, terán a condición de sustitutos do contribuinte os constructores e contratistas das obras.

#### **Artigo 4º. Responsables**

1.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2.- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades i entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria

### Artigo 5º- Base imponible<sup>1</sup>

Constitue a base imponible desta taxa:

- a) Nas obras de nova planta ou reconstrucción, a superficie expresada en m<sup>2</sup>
- b) Nas obras de reforma, a superficie expresada en m<sup>2</sup> ou unidades
- c) Nas derribos, a superficie expresada en m<sup>2</sup>
- d) Nos peches de fincas e solares, a lonxitude expresada en metros lineais.
- e) A primeira utilización ou ocupación dos edificios e instalacións en xeral

### Artigo 6º- Cota tributaria<sup>2</sup>

A cota tributaria dos diferentes servicios a prestar, resultará de aplicar as seguintes tarifas:

1.- Obras de nova planta ou reconstrucción	3,50 euros/m <sup>2</sup>
2.- Obras de reforma ou rehabilitación	1,30 euros/m <sup>2</sup>
2.1 - Cambio de portas, ventás ou elementos similares	20 euros/unidade
3.- Derribos	0,35 euros/m <sup>2</sup>
4.- Peches de fincas	
4.1.- Solares, por metro lineal ou fracción de peche	2,50 euros
4.2.- Fincas rústicas, por metro lineal ou fracción	
4.2.1.- Con obra de fábrica	0,80 Euros
4.2.2.- Con postes e alambre	0,40 Euros
5.- Licenza de 1ª ocupación	
Tarifa única por cada vivenda ou local de negocio	85,00 Euros

As presentes tarifas actualizaranse anualmente mediante a aplicación do índice de prezos ó consumo.

### Artigo 7. Exencións e bonificacións

Non se concederán exención nin bonificación algunha na exacción da taxa.

### Artigo 8. Devengo

1.- Devégase a taxa e nace a obriga de contribuir cando se inicie a actividade municipal que constitúe o seu feito imponible. A estes efectos, entenderase iniciada dita actividade na data de presentación da oportuna solicitude da licenza urbanística, se o suxeito pasivo formulase expresamente esta.

2.- Cando as obras se iniciaran ou executaran sin ter obtido a oportuna licenza, a taxa, devengarase cando se inicie efectivamente a actividade municipal conducente a determinar se a obra en cuestión e ou non autorizable, con independencia da iniciación do expediente administrativo que poda instruírse para a autorización desas obras ou a súa demolición se non foran autorizables.

<sup>1</sup> Modificado por acordo plenario de 14.11.2012. De aplicación a partir do 01/01/13 (Anteriores modif: Pleno 26.10.2005 (aplic a partir do 01/01/06). Pleno de 22.10.03. En vigor dende o 01/01/04.)

<sup>2</sup> Modificado por acordo plenario de 14.11.2012. De aplicación a partir do 01/01/13 (Anteriores modif: Pleno 26.10.2005 (aplic a partir do 01/01/06). Pleno de 22.10.03. En vigor dende o 01/01/04.)

3.- A obriga de contribuir, unha vez nacida, non se verá afectada en modo algun pola denegación da licencia solicitada ou pola concesión de ésta condicionada á modificación do proxecto presentado nin pola renuncia ou desestamento do solicitante unha vez concedida a licencia.

### **Artigo 9. Declaración**

1.- As persoas interesadas na obtención dunha licencia de obras presentarán, previamente, no Rexistro Xeral a oportuna solicitude, acompañando certificado visado polo Colexio Oficial respectivo, con especificación detallada da natureza da obra e lugar de emprazamento, na que se faga constar o importe estimado da obra, medicións e o destino do edificio.

2.- Cando se trate de licencia para aqueles actos nos que non sexa esixible a formulación de proxecto suscrito por técnico competente, á solicitude acompañarase un presuposto das obras a realizar, así como unha descripción detallada da superficie afectada, número de departamento, materiais a empregar e, en xeral, das características da obra ou acto cuos datos permitan comprobar o coste de aqueles.

3.- Se despois de formulada a solicitude de licencias se modificase ou ampliase o proxecto deberá poñerse en coñecemento da Administración municipal, acompañando o novo presuposto ou o reformado e, no seu caso, planos e memorias da modificación ou ampliación.

### **Artigo 10. Liquidación e ingreso**

1. Cando se trate das obras e actos a que se refire o artigo 5.<sup>a</sup> 1. a), b) e d):
  - a) Unha vez concedida a licencia urbanística, practicarase liquidación provisional sobre a base declarada polo solicitante
  - b) A Administración municipal poderá comprobar o coste real e efectivo unha vez rematadas as obras, e a superficie dos carteis declarada polo solicitante, e, a vista do resultado de tal comprobación, practicará a liquidación definitiva que proceda, con deducción do, no seu caso, ingresado en provisional
2. No caso de parcelación urbanas e demolición de construcións, a liquidación que se practique, unha vez concedida a licencia, sobre a base imponible que lle corresponda, terá carácter definitivo salvo que o valor sinalado no Imposto sobre Bens Inmóbiles non teña dito carácter.
3. Todas as liquidacións que se practiquen serán notificadas o Suxeito pasivo substituto do contribuinte para seu ingreso directo nas Arcas Municipais empregando os medios de pagamento e os prazos que sinala o Regulamento Xeral de Recadación.

### **Artigo 11.º.-Infraccións e sancións**

En todo o relativo a calificación de infraccións tributarias, así como de sancións que ás mesmas correspondas en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

### **Disposición final**

A presente Ordenanza fiscal, cúa redacción definitiva foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día vinte e catro de Xuño de mil novecentos oitenta e nove, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do día un de xaneiro de mil novecentos noventa, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.